



A CIG-Ensino non asina o XXIV convenio colectivo estatal de autoescolas

O marco de “negociación” estatal volve quedar en entredito, ao amosarnos como o sindicalismo estatal de pacto e entrega á patronal consolida a precariedade no sector, prorrogando por tres anos máis o regresivo, involutivo e mísero XXIII convenio anterior.

O pasado 18 de decembro de 2025 asinouse o XXIV convenio colectivo nacional de autoescolas, por parte da organización patronal CNAE e os sindicatos UXT, USO, aos que agora se suma CCOO. O propio proceso de negociación estivo viciado polos calendarios impostos pola patronal, cambios de datas e sobre todo falta de negociación, que quedou patente nas só oito mesas “negociadoras” que se tiveron en máis de ano e medio, dende a constitución da mesa o 27 de xuño de 2024, para asinar pouco máis que novas táboas salariais.

A CIG-Ensino non só non o subscribiu, opóndose e reivindicando melloras reais na mesa negociadora

en Madrid dende o 1º momento, senón que denuncia enerxicamente esta nova venta sindical, máis cando todos os sindicatos acordamos unha Plataforma reivindicativa conxunta que se incumpríu. A sinatura prorroga 3 anos máis o mísero e incluso involutivo XXIII convenio en vigor, con algún mínimo avance (algún proposta da CIG), na súa maioría por obriga legal, (mantendo a regresión e involución histórica do XXIII convenio **na xornada laboral docente pasando esta de 35 a 40 horas semanais coa finalidade de poder cobrar un salario “digno”**), así como outras perdas de dereitos sociais e salariais que se resumen a continuación, analizando as modificacións finais feitas sobre o XXIII convenio.

Modificacións finais sobre o XXIII convenio estatal, inasumibles no seu conxunto e vergoñentas nalgúns puntos para CIG-Ensino:

1. Ámbito Temporal

Do 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2026. Denúciámolo como **Negativo**, por excesivo e abusivo, máis cando non só non se acadaron melloras significativas, senón que incluso se perderon dereitos.

2. Licencias/permisos retribuídos e contratacións

Simple **adaptación legal** normativa obrigada e sen avances significativos, nuns permisos que pouco máis recollen que o regulado no E.T. Na contratación outro tanto, un simple copia e pega do E.T.

Incorporación de dous protocolos por imperativo lexislativo:

- **Contra a discriminación e o acoso por razón de orientación sexual**, identidade de xénero, expresión de xénero, características sexuais e diversidade familiar.

- **De actuación fronte a catástrofes** e outros fenómenos meteorolóxicos adversos.

3. Vacacións

O 24 e 31 de decembro, se caen en domingo, pasaránse ao día anterior ou posterior laboral. **Positivo**
Os 2 días laborais de vacacións a maiores anual, pasan a ser 18h. anuais para visitas médicas de especialistas propias ou de familiares, titorías fillos/as e poden pedirse en bloques de 3h. como mínimo.

4. Ensino gratuíto familiares (art. 34)

Modificación do texto para limitar a gratuidade nunha clara perda de dereitos máis (ter mínimo un ano –ou 2 anos– de antigüidade na empresa; desconto do 40% do prezo das prácticas nalgúns casos; pago das taxas polo traballador e permanecer empresa mínimo 3 anos dende gratuidade). **Negativo**

5. Excedencia voluntaria

Nova modalidade, pero só para formación persoal e profesional, cun máximo de 12 meses de duración e reserva do posto de traballo. **Positivo**

6. Baixas laborais (IT)

Modificación do art. para unha mellor interpretación do mesmo, eliminando ambigüidade na redacción. E o que se fixo foi a maiores recortar dereitos salariais nas baixas: deixaranse de cobrar subas salariais durante as baixas, non se cobrarán os complementos da empresa nas extras, nin o plus transporte, nin outras puntuais ou irregulares. **Negativo**

7. Xornada Laboral

Mantemento do actual réxime de xornada e a súa distribución con flexibilidade, agás para o persoal docente que, xa tendo unha xornada lectiva absolutamente abusiva de 35 h, poderá facer “voluntariamente” 5 h máis complementarias semanais, pasando así a súa xornada a 40 h á semana e incluso en sábados e domingos. Estes horarios veñen dar cobertura legal ás practicas irregulares de sobrecarga de traballo e abuso do exceso de xornada. Isto supón unha enorme entrega á patronal sen nada positivo a cambio ou que compense ao persoal traballador.

Negativo, inxusto e inasumible, para a CIG-Enseño pola regresión e involución histórica en xornada laboral, que vai na liña da explotación laboral e contraria á creación de emprego que marca a normativa europea e que reivindicamos na

mesa coa redución da xornada para o persoal de administración e servizos, e o mantemento para o persoal docente, regulando a posibilidade de pasar clases prácticas a teóricas.

8. Táboas Salariais

- Ano 2024: suba do **5%** (obrigados pola suba mínima doSMI).
- Ano 2025: suba do **4,41%** (obrigados pola suba mínima doSMI).
- Ano 2026: suba do **2,49%**. Sen cláusula de revisión salarial anual que garanta IPC, nin posible SMI.
- Total suba salarial: **11,9%** (O IPC perdido dende o XXII convenio de 2013 foi superior a esta suba).

Negativo no seu conxunto, e incluso un desprezo ao persoal traballador pois non só **non se recupera a perda de poder adquisitivo acumulado** dos convenios anteriores dende 2013 (con conxelacións salariais e subas por debaixo do IPC, que foi de máis dun 10%), **senón que se pode acumular máis perda adquisitiva** (non hai cláusula de revisión salarial anual que garanta IPC real no 2026). Aínda por riba **a suba só é para o salario base, polo que os demais conceptos e complementos quedarán conxelados**. E todo isto **cuns salarios dos máis precarios no sector da ensinanza**, sobre todo o dos docentes que non están á altura da responsabilidade, formación, riscos e esixencias lectivas abusivas. Por último, as cláusulas de SMI e de diferenciais con respecto ao SMI, indican a precariedade na que se move este convenio e o mínimo interese que hai en dignificalo salarial e laboralmente.

TÁBOAS SALARIAIS ANOS 2026/2025/2024

GRUPO PROFESIONAL	Salario base (€)			Antigüidade/trienio (€) ⁽¹⁾			Plus transporte (€) ⁽²⁾			Garantía SMI		
	2024	2025	2026	2024	2025	2026	2024	2025	2026	2024	2025	2026
Grupo 0: Persoal directivo	1180,87	1232,95	1263,65	38,10	38,10	38,10	38,49	38,49	38,49	-	-	-
Grupo 1: Persoal docente	1165,55	1216,95	1247,26	34,43	34,43	34,43	38,49	38,49	38,49	-	-	-
Grupo 2: Administrativas/os												
	1059,60	1106,33	1133,87	25,29	25,29	25,29	38,49	38,49	38,49	SI	SI	SI
Auxiliar Administrativo/a												
	1058,40	1105,08	1132,58	25,29	25,29	25,29	38,49	38,49	38,49	SI	SI	SI
Grupo 3: Persoal auxiliar e de servizos (mecánicos/as, limpeza, conductores/as)	1058,40	1105,06	1132,58	25,29	25,29	25,29	38,49	38,49	38,49	SI	SI	SI

O salario base e a antigüidade percíbense en 15 mensualidades.
(1) As persoas traballadoras que fagan as funcións de Aspirante, encadradas no Grupo Profesional de ADMINISTRATIVAS/OS percibirán, no seu caso, un Complemento de Antigüidade de 16,38 €.
En todo caso o Salario Base do Grupo 1 manterá unha diferenza co salario mínimo interprofesional contemplada na Disposición Transitoria Segunda. 2.2º.
(2) Plus de transporte: será aboado solamente polos meses efectivamente traballados, non devengándose en periodos de Incapacidade Transitoria ou vacacións. Aboable a todos os Grupos Profesionais salvo que a persoa traballadora faga uso do coche da empresa para o desprazamento á súa vivenda (in itinere).

Accede ao texto do XXIV convenio asinado neste enlace:



Accede á plataforma reivindicativa da CIG-Enseño neste enlace:

